



GRUPO MUNICIPAL
POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL

08 FEB. 2017

Entrada nº: 627

Saída nº:

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate a seguinte **MOCIÓN sobre a subsanación do deterioro da Torre Bermúdez-Museo Valle Inclán.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de xaneiro unha rede social reproducía unha crónica que levaba por título "A torre dos Valle-Bermúdez (A Pobra do Caramiñal) en doloroso estado", partillada, tamén, ao día seguinte, pola Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego.

En dita publicación recóllanse afirmacións como:

"Na actualidade, como dende aquela e dende antes dese tempo, segue a medrar o brión, enraíza o fento, asexo a silveira, ulíscase o lique que lica no granito, despréndense tellas da cuberta (co risco que isto coadxuva), entra a auga no interior, esténdense as humidades (polo tanto, quizais puidese proliferar o inimigo do documento impreso ou manuscrito: o fungo)"

Como se sinala na citada crónica, "a torre, ergueita na primeira metade do S. XVI por mercadores poderosos da caste dos Xiance, posúe arestora a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC), alén de ser un dos poucos edificios renacentistas galegos desta tipoloxía [...] Así cómpre sinalar que a torre tamén posúe a declaración de Monumento Histórico Artístico (concretamente dende 1976".

O deterioro ao que se alude é obvio para calquera persoa que se deteña en botar unha ollada ao edificio, pero a apreciación é tanto máis importante por vir de alguén moi vinculado ao Museo, á súa arquitectura, e que conta con obra cedida ao mesmo.

Dende o BNG-AA consideramos imprescindíbel a conservación e posta en valor do noso patrimonio histórico e artístico. Así o vimos demostrando coa presentación reiterada de mocións nas que demandamos accións a este respecto e denunciámos o estado lamentábel no que se atopa boa parte do patrimonio da nosa vila, nalgún caso case irrecuperábel, ou agochado baixo montes de silveiras. Non imos facernos os cegos, pois, diante do estado actual dunha das escasas edificacións que se conseguiu restaurar e conservar, e nin deixar que se vaia agora deteriorando irremediabelmente, como, por outra parte, recoñecen implicitamente os requirimentos por parte de Patrimonio para limpar o tellado e corrixir as entradas de auga que se aprecian no Auditorio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG-AA propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. **O Goberno Municipal atenderá urxentemente os requirimentos de Patrimonio a respecto do mantemento e limpeza necesarias para evitar un maior deterioro da Torre Bermúdez.**
2. **O Goberno Municipal negociará con outras administracións, nomeadamente coa Xunta de Galiza, a financiación necesaria para subsanar os problemas existentes e garantir a correcta conservación no futuro, non só do edificio, senón tamén dos fondos que este alberga.**

A Pobra do Caramiñal, 08 de febreiro de 2017

Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro e portavoz do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL